



XOSÉ LOIS LAMAZARES

COORDINADOR XERAL DE
LUGAR DA VEIGA S.L.L

As Galletas Daveiga fábrícanse en Chantada desde o 2006 pero na súa orixe ten moito que ver Arxentina. Fálanos desa viaxe e que supuxo para ti e os teus irmáns Óscar e Carlos?

No ano 2003 os tres visitamos a outro irmán que vive en Bos Aires; é panadeiro e fai un produto similar. Chamounos moito a atención o concepto dunha galleta salgada, sen azucres engadidos, á que lle chamaban "galleta marinera". Ademais, comprobamos como nos lineais dos supermercados arxentinos eran predominantes, a diferenza dos de Europa, onde o que abundan son as galletas doces.

Carlos, Óscar e máis eu estabamos dándolle voltas a un proxecto empresarial para afincarnos na nosa zona de orixe, no interior da provincia de Pontevedra, en Rodeiro, polo que pensamos que a galleta salgada podería ser un nicho de mercado con moito percorrido no mercado peninsular.

Despois deste primeiro contacto e madurando a idea, descubrimos que esta galleta tiña a súa orixe nas expedicións mariñas peninsulares iniciadas no século XV. E xusto esta historia, tan curiosa, permitíanos personalizar e diferenciar o noso produto das outras ofertas de panadería que había.

Nacedes como Lugar da Veiga S.L.L. que vantaxes vos ofrece a fórmula da sociedade laboral? E a marca Facendo Empresa, impulsada por AESGAL?

Daveiga fúndase no ano 2005 e preséntase no mercado no 2006. Actualmente conta con 37 persoas sociais, 34 delas son tamén traballadoras da empresa, e 43 traballadores/as non socios/as. Entre todas producen uns 6.000 quilos de galletas mariñeiras ao día e prevén facturar este ano 6.300.000 euros

Inicialmente non estabamos pensando nas vantaxes que nos podía proporcionar, senón que a nosa prioridade era poñer en marcha un proxecto participado por todas as persoas que traballasen nel e a S.L.L era unha boa fórmula para integrar esta filosofía. Hoxe, despois destes anos de andaina, podemos afirmar que este modelo achéganos moitas vantaxes tales como poder diferenciarnos das demais empresas e, polo tanto, gañar en visibilidade; demostrar o compromiso e responsabilidade que adquirimos os/as traballadores/as que participamos no proxecto e flexibilizar a organización do traballo. Nesta liña, á marca Facendo Empresa, véxolle un longo percorrido por diante como o distintivo dun modelo de xestión empresarial diferenciado, que a sociedade e o consumidor final valora moi positivamente.

Ides medrando e pasades de ser un equipo de cinco persoas a máis de 70

mantendo inalterable o principal valor da economía social: as persoas deben ocupar o centro.

Si, o proxecto de Daveiga só se pode entender dende a simbiose entre: os socios fundadores, os socios traballadores, os traballadores non socios e a comunidade rural na que estamos asentados.

Este crecemento lévavos a figurar na listaxe das empresas europeas que máis medran, elaborada polo Financial Times, por segundo ano consecutivo. Que supón para vós esta distinción? Co ollo posto xa na clasificación do 2020?

Somos conscientes de que só se trata dun ranking que mide a actividade económica da empresa, pero o feito de que sexa promovido polo Financial Times deulle moita visibilidade ao proxecto.

Outra achega positiva é que nos permitiu demostrar que dende un modelo de negocio diferente: a economía social e o rural, tamén se poden acadar crecementos e rendibilidades que parecían exclusivos das grandes empresas tecnolóxicas. Para o 2020, xa se verá. Non nos quita o sono.

Tamén formades parte do Programa InnovaPeme da Axencia Galega de Innovación, cuxo obxectivo é fomentar a innovación nas empresas galegas, en que novas ideas estades a traballar?

O proxecto de InnovaPeme contribúe á consolidación da estrutura de I+D+i de Daveiga. Permítenos avanzar na busca de alternativas de envases máis sustentables e achéganos instrumentos cara a internacionalización da empresa.

Paralelamente a este proxecto estamos desenvolvendo outros proxectos innovadores relacionados coa dixitalización do taller e a economía circular; a eficiencia enerxética; a valorización dos residuos orgánicos ou a xestión integral dos residuos non orgánicos.

O pasado ano lanzastes ao mercado unha liña de galletas mariñeiras ecolóxicas. Están as persoas consumidoras máis preocupadas porque os produtos que mercan sexan libres de aditivos e respecten o medio ambiente?

Si, sen dúbida. É unha das tendencias do consumo alimentario e que ten moito que ver coa consciencia e responsabilidade que está tomando o consumidor a todos os niveis; saúde, medio ambiente, social, etc.

Novas ideas e novos proxectos, xa que recentemente puxestes en marcha o Programa de Fomento da Economía Social, a Innovación e o Desenvolvemento Sustentable na Galiza Rural 2019-2020 dirixido ao alumnado de ensino medio e universitario. Unha iniciativa na que tamén colabora a Unión de Cooperativas EspazoCoop, a cooperativa Semente Ribeira Sacra, a Universidade de Santiago de Compostela e a AESGAL. Por que este programa e cales son os seus obxectivos? Cantos centros de ensino participan?

Un dos obxectivos de calquera empresa que se considere de economía social debe ser reverter parte dos excedentes no desenvolvemento da contorna máis próxima. Este precisamente é o obxectivo de Daveiga con este programa: contribuír, dentro das nosas posibilidades, ao desenvolvemento sustentable do rural, dende a innovación e a economía social.

Orientamos esta actividade aos centros de ensino, tanto medio como universitario, porque entendemos que os mozos e mozas, que agora se están formando, van liderar a sociedade do futuro (dende a política, a administración, as empresas, a educación) e queremos que cando se poñan á fronte de calquera proxecto valoren como unha

oportunidade a economía social e o rural. Nesta primeira edición participan a Universidade de Santiago e seis centros de ensino medio das comarcas máis próximas: un de Chantada, tres de Monforte, un de Ourense e un de Lalín.

O plan está organizado en catro actividades: o Seminario: introdución á economía social; o Obradoiro: aprender a emprender no rural desde a economía social; o Concurso de Ideas Empresariais para mozos/las emprendedores/las e a Xornada: novas oportunidades de emprego na Galiza rural: economía social, innovación e desenvolvemento sustentable. Como está sendo a resposta por parte do alumnado? Hai interese pola economía social?

Este primeiro ano entendémolo como un proxecto piloto, limitado a un número reducido de centros, e a resposta está resultando moi por encima das expectativas, en parte grazas ó labor dos propios coordinadores dos centros. Nestes dous meses, desde a posta en marcha do plan, xa pasaron polas diferentes actividades uns 500 mozos e mozas de ensino medio e universitario. A previsión é chegar nesta primeira edición, que rematará en setembro do 2020, a máis de 800 estudantes.

Pódese dicir que a formación é o punto de partida desta proposta que remata con esa presentación de "ideas empresarias". Que tan forte é a cultura do emprendemento na nosa comunidade? E entre a xuventude?

As ideas sempre as houbo, están aí. O triste é que unha gran maioría destas ideas non se chegan a desenvolver por falta de condicións estruturais (culturais, sociais, financeiras) favorables que permitan que se materialicen en proxectos. Neste proxecto non nos centramos só na dinamización de "ideas empresariais vinculadas á economía social", senón que tamén pretendemos dinamizar proxectos de "desenvolvemento rural

"O obxectivo de Daveiga coa posta en marcha do Programa de Fomento da Economía Social, a Innovación e o Desenvolvemento Sustentable é o de contribuír, dentro das nosas posibilidades, ao desenvolvemento sustentable do rural, dende a innovación e a economía social. Nestes dous meses, desde a posta en marcha do plan, xa pasaron polas diferentes actividades uns 500 mozos e mozas de ensino medio e universitario"

sustentable" cunha vertente máis estratéxica. Todos poden contribuír ao desenvolvemento do rural.

Desde a experiencia de Daveiga, credes que hai vontade de consolidar a rede empresarial no rural galego? Pasa ese proceso pola economía social?

Non sei se hai vontade para consolidar a actividade económica no rural, do que si estou certo é de que no rural hai moitas oportunidades pero faltan as condicións favorables para que se aproveiten de xeito que revertan no propio territorio. Neste senso estou convencido de que iso só se pode conseguir dende un modelo apoiado na economía social, a sustentabilidade e a Innovación.